

O **1 de xuño de 2023** entran en vigor **tres novas situacións** especiais de **incapacidade temporal** por **continxencias comúns** para **mulleres traballadoras** en base á **Lei Orgánica 1/2023, de 28 de febreiro** (modificación dos arts. 144.4, 169, 172 e 173 da LGSS):

Baixa laboral no caso de **menstruación incapacitante secundaria**



En que situación

Menstruación incapacitante secundaria (ou dismenorrea secundaria) **asociada a patoloxías previamente diagnosticadas**. O Servizo Público de Saúde emitirá ditas baixas conforme aos **diagnósticos fixados** po lo INSS.



Quen aboa e dende cando

A Seguridade Social (INSS ou Mutua responsable da cobertura por continxencias comúns) **dende o día da baixa no traballo**. Actualmente, os tres primeiros días de baixa (a salvo do disposto no convenio colectivo) corren a conta do traballador. Configúrase, polo tanto, como una situación especial de IT ao estar cuberta dende o primeiro día da baixa.



Contía

- **60%** da base reguladora dende o 1º ao 20º día.
 - **75%** da base reguladora a partir do día 21.
- Baixa laboral no caso de interrupción do embarazo.
- Sen carencia** requirida.

Baixa laboral no caso de **interrupción do embarazo (voluntaria ou non)**



En que situación

Mentres reciba asistencia sanitaria polo Servizo Público de Saúde y estea impedida para o traballo. Aqueles supostos nos que a interrupción sexa debida a **accidente de traballo ou enfermidade profesional**, terán a consideración de incapacidade temporal por continxencias profesionais.



Quen aboa e dende cando

A Seguridade Social (INSS ou Mutua responsable da cobertura por continxencias comúns) **dende o día seguinte á baixa no traballo**, estando a cargo da empresa o abono do salario íntegro correspondente ao 1º día da baixa.



Contía

- **1º día** de baixa: **salario correspondente** (empresa).
 - **Dende o 2º ata o 20º** día de baixa: **60%** da Base Reguladora.
 - **Do 21º en diante**: **75%** da Base Reguladora.
- Sen carencia** requirida.

Incapacidade temporal a partir da **semana 39 de xestación ata o parto**



En que situación

Considerarase **situación especial** de incapacidade temporal por continxencias comúns a de xestación da muller traballadora **dende o 1º día da semana 39 de embarazo**.



Quen aboa e dende cando

A Seguridade Social (INSS ou Mutua responsable da cobertura por continxencias comúns), **dende o día seguinte á baixa no traballo ata a data do parto**. Salvo que a traballadora houbera iniciado anteriormente una **situación de risco durante o embarazo**, suposto no cal continuará percibindo a prestación correspondente a dita situación namentres esta deba manterse.



Contía

- **1º día** da baixa: salario correspondente (empresa).
 - **Dende o 2º ata o 20º día**: **60%** dla Base Reguladora.
 - **Do 21º en diante**: **75%** da Base Reguladora.
- Carencia segundo idade** da beneficiaria (art. 178.1 LGSS)

